

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 21 de outubro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 16 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 1a)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11b)
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 9a, 10a e 14a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) (aclaración proposición avaliable mediante xuízo de valor)

Á vista da dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Administración Electrónica de data 15 de outubro de 2019 que se transcribe a continuación:

"Tras unha análise previa da oferta presentada polo licitador GUADALTEL SA dedúcese que a súa oferta inclúe o subministro e implantación de unha parte do seu software G-ONCE (solución integral para a Xestión de procedemento Administrativo) concretamente o paquete informático para a xestión de E/S de documentación identificada como G-Registro.

No punto 6.1 do PPT detallase que: "Todo o código das aplicacións entregárase ao Concello de Vigo con todas a librerías necesarias para a súa compilación e execución nun proxecto Netbeans ou Eclipse. O Concello de Vigo será propietario deste código fonte da aplicación e poderá facer as modificacións que estime oportunas nel".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:44	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE41-ECC2CA-EBE35B-ACGM7T-MKXZ35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A aceptación de anterior cláusula implica a entrega do código fonte do software G-Registro e que este código pasa a propiedade do Concello de Vigo. Dado que este software é un produto comercial que forma parte da carteira de produtos do licitador pídese á mesa de contratación que solicite unha aclaración da oferta presentada na que o licitador se ratifique na aceptación dos termos do PPT e en particular en de este punto que implica a cesión da propiedade do código fonte do paquete informático G-Registro ó Concello de Vigo”.

A Mesa acorda conceder un prazo de tres días a GUADALTEL, S.A. para que poida aclarar a súa oferta segundo o indicado na dilixencia transcrita.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Museos, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director do Museo municipal Quiñones de León o 15 de outubro de 2019 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP :

- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAYML)
- OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:44	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE41-ECC2CA-EBE35B-ACGM7T-MKXZ35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,75
2	EULEN, S.A.	57,65

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto do subministro de materiais de traballo e ferramentas necesarias para o mantemento das zonas verdes e as súas instalacións dependentes do departamento de Montes, Parques e Xardíns (expediente 11.802-446)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que durante o prazo concedido aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA, S.L. (lotes I, II e III) e SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV), ambos licitadores presentaron a documentación, da que se dá conta.

Unha vez examinada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SALTOKI GRANOLLERS, S.L. (lote IV) para que poida emendar a acreditación da solvencia técnica, de conformidade co esixido no artigo 89.1a) da LCSP e na cláusula 8.4.3º do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):

“Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministross ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media (...) do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.

A documentación deberá presentarse nalgún dos idiomas oficiais de Galicia.



b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de control arqueolóxico do proxecto de recuperación e posta en valor da muralla do Castro, así como o estudo de paramento (9.515-307)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que durante o prazo concedido ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ, este presentou a documentación, da que se dá conta.

Unha vez examinada a referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a D. FRANCISCO JAVIER CHAO ÁLVAREZ para que poida completar a solvencia técnica achegada, de conformidade co esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):

"unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. A lo menos deberán acreditar a realización, no curso dos tres últimos dun proxecto de control arqueolóxico nun BIC".

Se ben consta na documentación achegada unha relación de controis e seguimentos arqueolóxicos en BIC, o licitador deberá acreditar ter prestado servizos ou traballos nalgún dos últimos tres anos por importe total ou superior a 116.280,06 €.

Lémbrese que, de conformidade co artigo 84 da LCSP e coa cláusula 8.5.3º do PCAP "Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) (Resolución nº 229-2019 do TACGAL pola que se desestima o recurso nº 246/2019)

Dáse conta da resolución nº 229/2019 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) pola que se desestima o recurso nº 246/2019, interposto por PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. contra a adxudicación. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 17 de outubro de 2019.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:44	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE41-ECC2CA-EBE35B-ACGM7T-MKXZ35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 09:44	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A5AE41-ECC2CA-EBE35B-ACGM7T-MKXZ35-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		